

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 8 de abril de 2015 pola que se adxudican as axudas do anexo I, modalidade A, da Orde do 24 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2014, e se procede á súa convocatoria.

A Orde do 24 de xullo de 2014 (DOG núm. 147, do 5 de agosto) establece as bases polas que se rexerá a concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, no marco do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2014, en réxime de concorrencia competitiva. No anexo I da dita orde recóllese a modalidade A destas axudas.

No artigo 2 das bases da orde de convocatoria determínanse os requisitos que deberían cumprir as persoas candidatas e no artigo 2 do anexo I concréntanse os requisitos para a modalidade A.

De acordo co establecido no artigo 6 da convocatoria, despois de estudadas as solicitudes publicáronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas e as universidades solicitantes tiveron un prazo de dez días para formular reclamacións para emendar erros ou falta de documentos das persoas interesadas ante a Secretaría Xeral de Universidades. Unha vez que se recibiu e se examinou esta documentación, publicouse a lista definitiva de solicitudes admitidas e excluídas.

As solicitudes admitidas foron avaliadas por un equipo de avaliadores formado por expertos de fóra do Sistema universitario de Galicia (SUG), coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación indicada no artigo 4 do anexo I da convocatoria e segundo o baremo que se indica no artigo 5 do mesmo anexo.

O resultado desta avaliación entregóuselle á comisión de selección definida no artigo 7 da orde de convocatoria, que elaborou un informe para o órgano instrutor no cal figuran as universidades beneficiarias, xunto coa prelación das persoas candidatas a seren destinatarias das axudas, e unha lista de espera coas solicitudes que non acadaron a puntuación



suficiente para seren adxudicatarias da axuda pero que teñen unha puntuación igual ou superior á mínima establecida pola comisión de selección, fixada en 75,25 puntos.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 8 das bases da convocatoria e atendendo á proposta de concesión elevada polo órgano instructor a partir do informe da comisión de selección reunida o día 26 de marzo de 2015, a través da Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder as axudas da modalidade A de apoio á etapa de formación posdoutoral para o ano 2014 ás universidades do SUG que contraten os/as candidatos/as seleccionados/as para unha praza do Programa de apoio á etapa de formación posdoutoral que se relacionan no anexo I.

Segundo. Establecer unha lista de espera, que se inclúe como anexo II, para determinar posibles substitucións. Nesta lista figura unha prelación, por orde decrecente de puntuación final, dun total de 15 persoas candidatas que non foron seleccionadas por teren unha puntuación inferior á do/a último/a candidato/a seleccionado/a pero que teñen unha puntuación superior á mínima establecida pola comisión de selección.

Terceiro. Todas as solicitudes que figuran nos anexos I e II desta resolución cumpren os requisitos establecidos nas bases da convocatoria. Así mesmo, as solicitudes que non figuran relacionadas nos citados anexos entenderanse denegadas ou desestimadas.

Cuarto. A data de comezo dos contratos será o 29 de abril de 2015, agás para os/as cidadáns/dás non comunitarios que poderán asinar o contrato ata o 29 de xuño de 2015.

Quinto. As 50 axudas posdoutorais (modalidade A) concedidas financiaranse con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015 e anos sucesivos, de acordo coa seguinte distribución, segundo a estrutura de pagamentos recollida no artigo 10 da Orde do 24 de xullo.

Aplicación orzamentaria	Universidade	Nº de prazas	Crédito (en euros)				Total
			2015	2016	2017	2018	
09.40.561B.444.0	UDC	4	78.789,04	151.263,70	145.596,86	67.650,40	443.300,00
	USC	28	554.556,16	1.052.461,64	1.010.029,40	473.552,80	3.090.600,00
	UVIGO	18	341.155,46	651.532,88	639.484,86	304.426,80	1.936.600,00
	Total	50	974.500,66	1.855.258,22	1.795.111,12	845.630,00	5.470.500,00



Sexto. O artigo 10 da orde de convocatoria establece que as universidades serán as encargadas do pagamento dos correspondentes contratos, así como da presentación da xustificación ante a Secretaría Xeral de Universidades para o libramento das axudas.

Segundo o establecido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcrito o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación comportará a perda do dereito ao cobramento parcial ou total da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Sétimo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2015

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I Axudas concedidas

Universidade da Coruña

Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Nota da avaliación	Zona 1º ano	Zona 2º ano
ED481B 2014/152-0	UDC	Buján	Mera	Ana	*****801W	Ciencias Sociais e Xurídicas	86	2	3
ED481B 2014/155-0	UDC	Cotelo	García	Rosalía	*****997A	Artes e Humanidades	83	2	2
ED481B 2014/164-0	UDC	Bolón	Canedo	Verónica	*****130T	Enxeñaría e Arquitectura	76	2	2
ED481B 2014/156-0	UDC	Bermúdez	Pita	María	*****406V	Enxeñaría e Arquitectura	75	2	2



Universidade de Santiago de Compostela

Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Nota da avaliación	Zona 1º ano	Zona 2º ano
ED481B 2014/021-0	USC	Roca	Fernández	Ana Isabel	****305L	Ciencias	95	3	3
ED481B 2014/018-0	USC	Marzoa	Fandiño	Juan	****346V	Ciencias da Saúde	94,5	3	3
ED481B 2014/051-0	USC	Rodríguez	Outeiro	Luis	****202H	Ciencias Sociais e Xurídicas	94	2	3
ED481B 2014/053-0	USC	Rey	Rico	Ana	****211P	Ciencias da Saúde	93	2	2
ED481B 2014/034-0	USC	Pita	Orduna	Pablo	****536R	Ciencias Sociais e Xurídicas	92,64	2	1
ED481B 2014/012-0	USC	Carpintero	Botana	Inmaculada	****697B	Ciencias	92	2	2
ED481B 2014/078-0	USC	Nieto	García	Daniel	****116N	Ciencias	91	3	1
ED481B 2014/083-0	USC	Serantes	Abalo	David	****310E	Ciencias	90	2	2
ED481B 2014/015-0	USC	Ferreiro	Vila	Elías	****518A	Ciencias	89,5	2	2
ED481B 2014/089-0	USC	Paredes	Méndez	Xavier	****973W	Ciencias	89	1	1
ED481B 2014/176-0	USC	Martínez	Otero	Manuel Alberto	****967W	Ciencias	87,5	3	3
ED481B 2014/040-0	USC	Rivas	Fontenla	Amable José	****136G	Ciencias da Saúde	87	2	2
ED481B 2014/106-0	USC	Rama	Martínez	Gustavo	****698L	Ciencias	86,5	3	3
ED481B 2014/039-0	USC	Quiñones	Téllez	Mar	****747H	Ciencias da Saúde	86	2	2
ED481B 2014/175-0	USC	Böhme		Karola	****476Z	Ciencias	86	1	1
ED481B 2014/076-0	USC	Regal	López	Patricia	****907X	Ciencias	84	2	2
ED481B 2014/125-0	USC	Villarino	Palmas	Lara	****757X	Ciencias	83,6	2	2
ED481B 2014/086-0	USC	Correia Pinto	Carvalho de Matos	Maria Joao	****242K	Ciencias	83,5	2	2
ED481B 2014/025-0	USC	García	Murias	Rebeca	****617C	Ciencias Sociais e Xurídicas	83	2	2
ED481B 2014/062-0	USC	Carrascal	Incera	André	****912H	Ciencias Sociais e Xurídicas	82,25	3	2
ED481B 2014/059-0	USC	Ramos	Castro	José Víctor	****695H	Enxeñaría e Arquitectura	80,5	2	1
ED481B 2014/072-0	USC	Pichel	Gotérrez	Ricardo	****150Z	Artes e Humanidades	80	2	3



Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Nota da avaliación	Zona 1º ano	Zona 2º ano
ED481B 2014/033-0	USC	Garrido	Novelle	Marta	****462H	Ciencias da Saúde	78,5	3	3
ED481B 2014/064-0	USC	Vives	Miró	Sonia	****870G	Ciencias Sociais e Xurídicas	77,4	2	2
ED481B 2014/055-0	USC	Martínez	Lema	Paulo	****363Y	Artes e Humanidades	75	1	1
ED481B 2014/004-0	USC	Hernando	Morata	Isabel	****460V	Artes e Humanidades	74,5	2	2
ED481B 2014/014-0	USC	García	Vázquez	María Yolanda	****058T	Artes e Humanidades	73	3	3
ED481B 2014/020-0	USC	López	Calderón	Carme	****103P	Artes e Humanidades	71	1	2

Universidade de Vigo

Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Nota da avaliación	Zona 1º ano	Zona 2º ano
ED481B 2014/147-0	UVIGO	Prieto	Lage	Miguel Ángel	****816R	Ciencias	93	2	1
ED481B 2014/091-0	UVIGO	Domínguez	Alonso	José Manuel	****822V	Enxeñaría e Arquitectura	91	2	2
ED481B 2014/109-0	UVIGO	Otero	Martínez	Nicolás	****953H	Ciencias	91	2	2
ED481B 2014/117-0	UVIGO	Míguez	Díaz	José Manuel	****591C	Ciencias	89	2	2
ED481B 2014/133-0	UVIGO	Fernández	Villaverde	Alejandro	****275S	Enxeñaría e Arquitectura	87	1	1
ED481B 2014/080-0	UVIGO	Romaní	Pérez	Aloia	****865D	Ciencias	86,5	1	1
ED481B 2014/084-0	UVIGO	Delgado	Núñez	Cristina	****324Z	Ciencias	84,2	1	1
ED481B 2014/079-0	UVIGO	Conde	Pardo	Paula	****5515Y	Ciencias	83,5	1	1
ED481B 2014/136-0	UVIGO	González	Vilas	Luis	****327C	Ciencias	83,5	3	2
ED481B 2014/098-0	UVIGO	Rial	Conde	Diego	****567P	Ciencias	83,2	1	1
ED481B 2014/129-0	UVIGO	Fernández	Costa	Carolina	****662Y	Ciencias da Saúde	82	3	3
ED481B 2014/121-0	UVIGO	Lorenzo	Fernández	Paula	****999W	Ciencias	81,5	2	2
ED481B 2014/134-0	UVIGO	Figueiredo	González	María	****052N	Ciencias da Saúde	81,5	1	1
ED481B 2014/142-0	UVIGO	Fuciños	González	Clara	****878Q	Ciencias	81	1	3
ED481B 2014/104-0	UVIGO	Domínguez	Fernández	Irene	****248J	Enxeñaría e Arquitectura	80,5	1	1



Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Nota da avaliación	Zona 1º ano	Zona 2º ano
ED481B 2014/112-0	UVIGO	Movilla	Pateiro	Laura	*****027A	Ciencias Sociais e Xurídicas	78,5	2	2
ED481B 2014/101-0	UVIGO	Pozo	Antonio	José Santiago	*****648X	Enxeñaría e Arquitectura	78	1	2
ED481B 2014/085-0	UVIGO	Rocha	Álvarez	Delmiro	*****118P	Artes e Humanidades	72	2	3

ANEXO II Lista de espera

Nº de expediente	Universidade	1º apelido	2º apelido	Nome	DNI	Rama de coñecemento	Nota da avaliación	Zona 1º ano	Zona 2º ano
ED481B 2014/132-0	UVIGO	González	Villanueva	Rita	*****333H	Ciencias	81	1	1
ED481B 2014/167-0	USC	Alonso	García	Isaac	*****187T	Ciencias	81	2	2
ED481B 2014/075-0	UVIGO	Carracedo	Segade	Lidia Isabel	*****924C	Ciencias	80,5	2	2
ED481B 2014/124-0	UVIGO	López	Sandoval	Daffne Celeste	*****2495 no NIE	Ciencias	79,5	3	3
ED481B 2014/115-0	USC	Barros	Ríos	Jaime	*****401K	Ciencias	79,2	3	3
ED481B 2014/027-0	USC	Vázquez	Rodríguez	Saleta	*****932D	Ciencias	79	2	2
ED481B 2014/068-0	UVIGO	Barbosa	Pereira	Letricia	*****665P	Ciencias	78,5	2	2
ED481B 2014/119-0	UVIGO	Mateo	Mateo	Cintia	*****472N	Ciencias	78	2	2
ED481B 2014/024-0	USC	Freire	Aradas	Ana María	*****964D	Ciencias da Saúde	77	2	2
ED481B 2014/140-0	USC	Cambón	Freire	Adriana	*****961H	Ciencias	76,5	2	2
ED481B 2014/042-0	USC	Carballeira	Braña	Carlos Brais	*****024N	Ciencias	76,5	2	2
ED481B 2014/067-0	USC	Sobral	Bernal	María del Mar	*****679D	Ciencias	76	2	3
ED481B 2014/052-0	USC	Peón	López	Antonio	*****929V	Ciencias	76	2	2
ED481B 2014/110-0	USC	Tobío	Ageitos	Araceli	*****850L	Ciencias da Saúde	75,4	2	2
ED481B 2014/160-0	UDC	Vázquez	Silva	Iria	*****548B	Ciencias Sociais e Xurídicas	75,25	2	1

